

EDICTO

APROBACIÓN PADRÓNS FISCAIS VAOS PERMANENTES E LIXO. ANO 2026

Aprobados por Decreto da Alcaldía número 423/2026 do 6 de xullo de 2026 os padróns fiscais correspondentes ao exercicio 2026 seguintes:

- Padrón fiscal da taxa por **entrada de vehículos** a través de beirarrúas e reserva da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, correspondente ao ano 2026, cun total de 386 recibos por importe total de 26.938,09 €
- Padrón fiscal da taxa de recollida e tratamento de **lixo** correspondente ao ano 2026, cun total de 5880 recibos por importe total de 639.788,74 €.

Quedan a disposición dos interesados na Intervención do Concello de Melide, durante un prazo de 15 días, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP, con carácter de notificación colectiva segundo o artigo 124.3 da Lei Xeral Tributaria. Contra o acto de aprobación dos padróns e das liquidacións incorporadas a este, poderanse interpoñer os recursos pertinentes.

Melide, 6 de xullo de 2026

O alcalde,

José M. Pérez Penas